



PLAN DIXITAL

[CEIP PETELOS]

[Versión 2.0_ setembro 2023]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.Introdución

1.1. Datos básicos do centro

CÓDIGO CENTRO: 36019441

NOME: CEIP de Petelos **ENDEREZO:** Camiño das pozas 21

C.P.: 36416

LOCALIDADE: Petelos **CONCELLO:** Mos

PROVINCIA: Pontevedra

TELEFÓNO/FAX: 886 110 360 / 886 110 361

E-MAIL: ceip.petelos@edu.xunta.es

PAX WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepetelos/>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O noso centro

O CEIP de Petelos (Mos) é un centro público de Educación Infantil e Primaria situado nun concello de ámbito rural pero limítrofe coa cidade de Vigo, o que fai que a poboación que vive no rural, en moitas ocasións se beneficie desta proximidade.

O centro conta neste curso con 3 aulas de Ed. Infantil e 6 de Primaria. Na actualidade contamos con 129 alumnos matriculados nos diferentes niveis. No claustro somos un total de 19 mestres, 3 de eles itinerantes.

A nivel socioeconómico o centro, que se atopa no rural, ten un nivel medio, en algúns casos baixo, e os alumnos non sempre teñen a súa disposición os recursos tecnolóxicos e de conexión tan demandados na sociedade actual, algo que quedou de manifesto coa situación vivida trala Covid-19. Atopámonos con moitas familias con dificultades para ter acceso á formación a distancia (problemas de recursos e dificultades de conexión a internet), polo que consideramos fundamental ofrecerlles a estes alumnos, dende a escola, os medios necesarios para paliar estas desigualdades.

A situación no rural do noso centro ofrécenos moitas ventaxas para o desenvolvemento global dos nenos, pero esta mesma ubicación tamén nos dificulta o acceso ás TIC e a conexión (pois en moitos casos as familias non as teñen integradas ou non as consideran prioritarias).

A falta dunha revisión e actualización do Proxecto Educativo do centro o PD sitúase como algo fundamental, pois nos últimos anos o noso centro está dando un cambio na metodoloxía de traballo fomentando o uso das TIC tanto na aula como nos xeitos de comunicación interna e externa (páxina web, abalar mobil,..) o que continuou coa participación dende o curso 2021-2022 no programa E_DIXGAL e dende o curso 2022-2023 coa nosa participación no programa de Polos Creativos e dentro do PLAMBE participamos no programa de Biblioteca Creativa.

A través deste PD pretendemos acadar os diferentes obxectivos do centro recollidos na PXA do curso 23/24 no relativo as TIC.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración deste PD tivemos en conta o referido na seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital formouse un equipo dentro do Claustro de mestres. Este equipo participou nas actividades formativas relativas o Plan dixital e tras as diferentes reunións periódicas que se levaron a cabo deseñouse este Plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A nivel dixital no centro contamos coa seguintes infraestructuras:

- ✓ Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: Todas as aulas do centro están conectadas a rede con conexión WIFI, algunhas teñen tamén conexión por fío. Na área de administración, sala de mestres e aula de informática a conexión é por fío.
- ✓ Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
 1. Contamos con 2 aulas traballando no proxecto E-Dixgal.
 2. As aulas que non son E-Dixgal están dotadas de paneis interactivos.
 3. Na biblioteca escolar contamos con 2 ordenadores portátiles e 4 tabletas para o uso do alumnado, ademáis do ordenador para a xestión e préstamo de libros.
 4. Na sala de mestres contamos con 3 ordenadores para o uso dos mestres.
 5. Contamos cunha aula de informática portatil, con 18 portátiles (dentro do programa Educa en dixital)
 6. Contamos cun aula de materiais de Polos creativos.
- ✓ Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...).
- ✓ Para a Xestión do mantemento do equipamento do centro contamos con persoal externo ao centro.
- ✓ No centro contamos cos Protocolos Edixgal.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: A través dos resultados obtidos no informe SELFIE, así quedaría o **resumo das áreas:**

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderazgo	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	3,7				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4,2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,5				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,2				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4				

Test CDD: Información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. E o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3.Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	14	50%
PROVISIONAL	2	3	66,7%
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
--------------------------------------	----------------------	---	---------------------------------

56,2	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)
------	-------------------	------	-------------------

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	38	Explorador/a (A2)	66,2	Integrador/a (B1)
PRI	82,3	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	33,3%
A2	2	22,2%
B1	4	44,4%
B2		
C1		
C2		
TOTAL	9	99,90%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e as observacións do profesorado, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Aumento e actualización do material pola participación do centro en diferentes proxectos.	Insuficiente emprego de recursos dixitais para a avaliación. Baixo nivel de renovación e actualización dos equipos informáticos que xa estaban no centro. A baixa velocidade de internet no centro amosase como unha gran dificultade a hora de implementar as TICs na aula.
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado móstrase receptivo ante as innovacións dixitais. Suficiente coñecemento e uso das diferentes licencias dixitais (Creative Commons, uso libre,..) Confianza do profesorado no uso dos recursos tecnolóxicos	O profesor non conta con tempo suficiente para explorar os diferentes recursos dixitais.

	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		Diferentes puntos de vista na importancia do emprego dos recursos dixitais.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Falta de comunicación/coordinación entre os centros que desenvolven proxectos similares. O centro non conta cunha estratexia dixital definida.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	O centro amosa iniciativa nos programas de innovación educativa propostos pola Consellería (Edixgal, Biblioteca creativa). Gran oferta formativa para o profesorado nos diferentes ámbitos.	Exceso de carga burocrática nas diferentes funcións docentes. Insuficiente asistencia técnica por parte da Consellería.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		Escasa colaboración por parte do resto da comunidade educativa no relativo as TIC. Baixa competencia dixital das familias.
	OUTRAS ENTIDADES	Gran cantidade de recursos e repositorios en liña.	

3. Plan de Acción

O noso Plan de acción comezará polo máis básico, como sería a mellora das dotacións de aula e facilitar o acceso a todo o alumnado e profesorado as TIC.

Consideramos fundamental continuar coa renovación dos equipos existentes no centro e dotación de mais materiais.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tendo en conta a análise DAFO do centro anterior quixemos marcar uns obxectivos básicos para comezar a sentar as bases a hora de dixitalizar o centro.

En función das áreas de mellora que consideramos base marcamos uns obxectivos alcanzables a curto prazo.

Os obxectivos, indicadores e accións poden consultarse nas táboas que aparecen a continuación.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As principais necesidades do noso centro están a nivel de equipamentos e servizos dixitais educativos. Si ben destes últimos trabállase no proxecto E-Dixgal serían precisos outros recursos para aqueles cursos que non entran dentro deste proxecto.

En referencia ó equipamento (computadoras), o existente no centro está bastante obsoleto pois ten moitos anos.

Precisaríamos puntos de acceso persoal para o profesorado, tabletas, cámaras de grabación.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Competencia e colaboración docente						
OBXECTIVO 1: (1)	Manter as canles de colaboración entre o profesorado do centro (Aula virtual, Agueiro)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, administrador da aula virtual.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	0 90% do profesorado participa das canles abertas					
Valor de partida: (3)	25%- Xa existen canles de colaboración entre o profesorado do centro					
Valor previsto e data: (4)	75%			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar cal é a canle a empregar e poñela en funcionamento	Equipo directivo, administrador aula virtual.	Outubro 2023	Asesoramento TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Dar a coñecer a Canle e formar ao profesorado no seu uso	Dinamizador Plan dixital, administrador aula virtual.	Novembro 2023	Puntos de acceso para o profesorado,(Orzamento-10.000€) Asesores para a formación,		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Manter activa e actualizadas as canles creadas.	Dinamizador Plan Dixital, Xefatura de estudos.	Novembro 2023-xuño 2024	Puntos de acceso para o profesorado,		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 2: (1)	Empregar a aula virtual como centro de recursos para o profesorado (EVA-Espacio virtual aprendizaxe)				Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos, dinamizador Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	0 75% do profesorado emprega a aula virtual como centro de recursos. O 25% do profesorado aporta recursos propios a aula virtual.					
Valor de partida: (3)	20% do profesorado emprega aula virtual					
Valor previsto e data: (4)	60% do profesorado emprega a aula virtual-10% crea recursos			Decembro 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Actualizar aula virtual, crear grupos e matricular alumnos e profesorado.	Dinamizador Plan dixital e administrador	Setembro 2023	Aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Formar ó profesorado na aula virtual e creación de recursos	Dinamizador Plan dixital	Setembro- xuño	Software para a creación de recursos, puntos de aceso persoal para o profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Realizar reunións periódicas co profesorado para solucionar dúbidas e acompañar na creación de recursos.	Xefatura de estudos, asesores de formación.	Setembro- xuño	Puntos de aceso persoal para o profesorado (Orzamento-10.000€)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 3: (1)	Elaborar recursos dixitais para o alumnado, profesorado e do centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, coordinador TIC (Dinamizador do Plan dixital do centro)				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de recursos elaborados					
Valor de partida: (3)	Non existen no centro recursos dixitais propios					
Valor previsto e data: (4)	100% do indicador do obxectivo			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Formación do profesorado na avaliación e recursos dixitais.	Equipo directivo	1º trimestre	Asesoramento e formación externa. Software específicos para a avaliación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Acompañamento e asesoramento na elaboración dos recursos.	Coordinador TIC-Dinamizador Plan dixital	Todo o curso	Asesoramento e formación externa. Software específicos para a avaliación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Revisión dos materiais compartidos	Xefatura de estudos	Todo o curso			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 4: (1)	Integrar nas diferentes programacións do profesorado os recursos TIC (Robótica, programación,..)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, coordinador TIC (Dinamizador do Plan dixital do centro)				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Actividades incluídas nas diferentes programacións/proxectos					
Valor de partida: (3)	0					
Valor previsto e data: (4)	100% do indicador do obxectivo			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Formación do profesorado na realización de proxectos integrados.	Equipo directivo		Asesoramento e formación externa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Acompañamento e asesoramento na elaboración e posta en marcha das actividades.	Coordinador TIC-Dinamizador Plan dixital	Todo o curso	Asesoramento e formación externa. Software específicos para a avaliación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Revisión dos materiais, actividades, produto final	Xefatura de estudos	Todo o curso			Realizada	

4. Avaliación do plan

A avaliación e seguimento do Plan realizarase do seguinte xeito:

- Realizarase unha avaliación trimestral dos obxectivos fixados para coñecer a evolución do traballo realizado ata o momento. Estableceranse cambios nas accións e faranse propostas de mellora.

- A avaliación final farase en torno o mes de maio, recollerase na memoria final de curso do centro aprobada polo Consello escolar. Nesta avaliación final teranse en conta entre outros, a valoración do logro dos obxectivos fixados e recollerá as propostas de mellora de cara o vindeiro curso.

Todo este proceso de avaliación estará acompañado e supervisado polo correspondente coordinador ADIX.

5. Difusión do plan

Para difundir este Plan e facer partícipe a comunidade educativa teremos en conta o Plan de comunicación interna e externa do centro. Publicarase na web do centro e enviarase comunicación as familias a través do Abalar móbil.